F/2019/716	12/02/2019	G15361843	ASOCIACION, ESCOLA E BANDA DE MUSICA DE ARZUA	2.200,00
F/2019/814	20/02/2019	32775849K	DE LABRA SUAREZ MARIA DEL CARMEN	30,00
			TOTAL	10.811,31 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar os referidos reparos co fin de que estes non se repitan."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de marzo de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande,

dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad). E abstéñense, a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Aprobación provisional da modificación puntual das Normas subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI

Acceso á videoacta – 00:18:02 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 18 de febreiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“En relación coa **Modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI** e a teor do establecido no artigo 60, apartado 13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o Pleno Municipal de Cambre na súa sesión ordinaria de data 31 de maio de 2018 acorda aprobar inicialmente a modificación puntual anteriormente indicada.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 15 de febreiro de 2019.

Visto o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 18 de febreiro de 2019 co conforme da secretaria xeral.

Propoño ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estimar as alegacións presentadas por dona M^a del Carmen Ponte Blanco na fase de información pública da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI, concernentes á rectificación da superficie construída na súa parcela e á exclusión de parte desta do solo urbanizable.

2º.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas pola entidade Promociones ESGA, S.A. na fase de información pública da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI no que á superación da altura da edificación con elementos publicitarios singulares se refire coa pertinente autorización da administración competente en aviación civil; a poder parcelar a zona terciaria -1- con parcela mínima de 4.000 m² e no que a corrección dos erros materiais detectados se refire; e desestimar o resto das súas alegacións concernentes ao incumprimento do convenio urbanístico suscrito por canto a diferenza entre a superficie da zona terciaria -1- e a establecida no convenio, 20.000 m² fronte aos 20.465 m², é dun 2,2% que se considera razoable se se teñen en conta que se excluíron solos en relación aos previstos no convenio para facilitar a xestión urbanística e recoñecer unha situación fáctica de solo urbano e que pola fronte das parcelas a estrada AC-12 existe unha reivindicación de titularidade do Ministerio de Fomento que reduce a superficie aportada polos que subscribiron o dito convenio, e por canto a edificabilidade establecida para a zona terciaria -1- cubre tanto pola banda do mínimo como pola banda do máximo a establecida no convenio. Igualmente desestimar as alegacións concernentes ao uso, por canto a pormenorización de uso autorizables que efectúa o documento en nada prexulga o uso global terciario previsto e si o desenvolve, admitíndose o uso de restauración, as concernentes ás alturas da edificación, toda vez que os beneficios determínanse pola asignación dun determinado aproveitamento urbanístico e non por un parámetro de edificación; e as concernentes á rasante do vial -1- por canto a proposta plantexada resulta inviable dende o punto de vista da funcionalidade, en canto dificulta a súa continuidade, e dende o punto de vista da integración do viario no terreo, por canto se incrementa a rasante de implantación coa actual do terreo.

3º.- Desestimar o resto das alegacións presentadas na fase de información pública da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI polos seguintes motivos:

- As alegacións presentadas por dona Virtudes Mejuto Sánchez por canto que os 400 m² da parcela que se indican non deixan de ser urbanos para pasar a ser urbanizables dado que a clasificación da parcela no planeamento vixente é a de solo rústico de protección ordinaria e non a de solo urbano, clasificándose como tal a través desta modificación puntual unha superficie de 3.066 m² sen que se teña que estender tal clasificación a unha descrición xenérica como a de todos “los terrenos con viviendas unifamiliares”; por canto a disposición da edificación na zona terciaria -2- non establece unha posición en concreto senón un ámbito de movemento; e por canto os propietarios de solo urbano en ningún momento teñen que contribuír á execución do solo urbanizable por ter tal propiedade.

- As alegacións presentadas por dona Carmen Ponte Díaz por canto que a rede viaria proposta no documento non afecta a edificación existente que está a mais de 25 metros do vial proxectado, estando a piscina a 6 metros do seu borde; por canto que non se crea con este instrumento de planeamento solo urbanizable residencial sen que o artigo 30 e seguintes da Lei 2/2016 do solo de Galicia sexa de aplicación para a xustificación da transformación de solo rústico en urbanizable; e por canto a elección do sistema de actuación é unha potestade do planeamento e en presenza de iniciativa privada óptase polo sistema de compensación para o reparto de cargas e beneficios.

- E as alegacións presentadas polo Grupo Municipal Popular por canto o documento de modificación axústase ao establecido no artigo 83.4 da Lei do solo de Galicia para as modificacións dos instrumentos de planeamento urbanístico, aspecto este avaliado positivamente pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no seu informe emitido o 29 de agosto de 2017, no trámite de avaliación ambiental e que, por outro lado, recoñece expresamente o interese público para a formulación desta modificación conforme ao apartado 1º do artigo 83 citado, informe este unido ao informe ambiental estratéxico emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de 28 de setembro de 2017, e por canto o procedemento seguido, e por iso as notificacións practicadas, é exactamente o establecido no artigo 60 da Lei do solo de Galicia de aplicación obrigada ao caso que nos ocupa, de conformidade co artigo 83.5 do mesmo texto legal.

4º.- Desestimar as alegacións presentadas polo Concello de Oleiros no trámite de audiencia aos municipios limítrofes previsto no artigo 60.7 da Lei 2/2016 do solo de Galicia por canto mediante Resolución de data 28 de setembro de 2017, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático resolveu non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria á Modificación Puntual das Normas Subsidiarias.

Para os efectos de adoptar esta resolución avalíouse o Borrador do Plan presentado polo Concello de Cambre, como órgano promotor, co alcance e contido establecido na lexislación urbanística vixente así como o Documento Ambiental Estratéxico redactado para o efecto, todo iso co nivel de detalle suficiente para a súa análise urbanística.

O Concello de Cambre, de conformidade co convenio urbanístico subscrito ao efecto, procedeu a incorporar no documento de aprobación inicial a ordenación detallada do sector de solo urbanizable, sobre a base das determinacións establecidas no documento de Borrador do Plan. Esta ordenación pormenorizada non vén máis que a confirmar os datos xa avaliados na resolución, sen introducir alteración nas variables ambientais consideradas.

Non obstante iso, solicitouse informe á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático sobre a validez do informe ambiental estratéxico xa obtido sen ordenación detallada respecto do proxecto aprobado inicialmente con ordenación detallada o cal foi emitido con data 17 de xaneiro de 2019 dando validez ao informe ambiental estratéxico emitido tamén para esta modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre coa ordenación detallada incluída.

En relación ao “Contido da modificación” e ao cumprimento do establecido no artigo 83 da Lei do solo de Galicia, hai que remitirse ao informe realizado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 29 de agosto de 2017 aos efectos do trámite de consultas previas, regulado no artigo 60.4 da Lei do solo de Galicia, e que textualmente indica que se xustifica *“o interese público para os efectos da formulación da modificación na potenciación da economía local e das actividades existentes na contorna coa clasificación do novo solo urbanizable de uso terciario que reforzaría o núcleo urbano do Temple; e no recoñecemento da realidade existente en canto á clasificación como solo urbano dun ámbito consolidado pola edificación e as infraestruturas urbanas, que poden conceptuarse como de interese público.”*

En canto aos valores paisaxísticos, hai que remitirse ao informe emitido ao respecto polo Instituto de Estudos do Territorio tras a aprobación inicial onde se conclúe que *“polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, non se formula ningunha obxección para a aprobación da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento no ámbito da N-VI no Temple”*.

En canto aos aspectos referidos á mobilidade, e conforme ao establecido no artigo 139 do Regulamento da Lei do solo, este ten un alcance e contido proporcional á súa complexidade, e máis tendo en conta que ningún concello da Área, agás A Coruña, conta con plan de mobilidade específico pese á complexidade da estrutura de asentamentos que presentan, polo que moitas das posibles determinacións a implementar escapan da esfera competencial da presente modificación. En calquera caso avalíouse, conforme ao establecido no artigo 172 do RLSG, a incidencia da nova implantación e someteuse esta á consideración da administración titular da estrada á que dá fronte.

En canto aos aspectos referidos aos obxectivos de calidade acústica, indicar que os novos usos previstos non son incompatibles cos niveis establecidos no Plan de Ruído elaborado pola administración titular da estrada e que a propia Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de conformidade co artigo 11 e disposición transitoria primeira do Real Decreto 1367/2007 polo que se desenvolve a Lei 37/2003 do ruído, emite informe favorable con data 20 de febreiro de 2018 aos efectos de servidumes acústicas.

En canto á ordenación detallada, os 10 metros de desnivel ao cal se fai referencia entre a rasante de implantación da Zona Terciaria 3 e a rasante natural do terreo, prodúcese unicamente na esquina máis ao norte da plataforma. Aínda así, é respecto á rasante actual do terreo segundo a cartografía. A rasante final da zona verde pode variar unha vez que esta se urbanice. Na fronte da plataforma en contacto co Vial 2, a diferenza de rasante máxima co terreo natural existente é de 6,9 metros.

Pola súa banda, o viario ao norte da zona verde cunha pendente do 9% elimínase conforme ao informe sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio.

Por último modifícase a sección viaria do Vial 1 ata un longo de 12 m, non de 10 m como indica a alegación, cunha calzada de sentido único de 4 metros.

Por outro lado, e xa con respecto ao que o alegante chama "Consideracións xurídicas", cabe dicir que o feito de que as Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal de Cambre sexa un documento obsoleto e non axustado á normativa en vigor non quere dicir que non sexa un instrumento de planeamento vixente no termo municipal de Cambre a día de hoxe. E que con arranxo á propia disposición transitoria primeira, apartado 2, da Lei 2/2016 do solo de Galicia que cita o alegante "conservará a súa vixencia ata a súa revisión e adaptación a ela".

Por outra banda, o documento sometido a información pública non pretende adaptar as Normas Subsidiarias de Cambre á Lei 2/2016 nin revisar as mesmas senón a súa modificación puntual conforme ás determinacións da propia Lei, e en concreto conforme ao establecido no artigo 83.4 da Lei do solo de Galicia, sen que a simple alteración de clasificación do solo nun ámbito de algo máis de 5 ha. poda considerarse como a formulación de novos criterios respecto da estrutural xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo como indica o alegante baseándose para iso no artigo 83.3 da Lei 2/2016, cando estamos en presenza do artigo 83.4 da mesma.

En calquera caso basta remitirse ao informe emitido sobre o particular pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aos efectos do trámite de consultas previsto no artigo 60.4 da Lei do solo de Galicia antes citado.

Respecto á vulneración do procedemento de avaliación ambiental que se cita neste apartado de "Consideracións xurídicas" volve o alegante a repetir o mesmo que xa indica no primeiro apartado do seu escrito polo que hai que desestimar tal plantexamento polo xa expresado e en concreto polo informe indicado da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático do 17 de xaneiro de 2019 que mantén a validez do informe ambiental estratéxico emitido tamén para esta modificación puntual coa ordenación detallada incluída.

5º.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI redactada pola entidade Oficina de Planeamento, S.A., de conformidade cos artigos 60-13 e 83-4 e 5 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

6º.- Remitir este instrumento de planeamento xunto co expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que se proceda a súa aprobación definitiva, de conformidade cos apartados 13 e 16 do artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de febreiro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Votan en contra os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2. II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Faise constar que, cando son as vinte e unha horas, auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG.

2.5. Aprobación de varios proxectos de mellora da eficiencia enerxética e das infraestruturas para os que se solicitaron subvencións

Acceso á videoacta – 01:01:16 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 4 de marzo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“Este goberno ten interese en levar a cabo varios proxectos que teñen por obxecto a mellora da eficiencia enerxética na parroquia de Cambre e unha mellora das infraestruturas nas parroquias de Pravio e Cecebre.

Dadas as limitacións orzamentarias, para o financiamento destas actuacións solicitaronse subvencións á Xunta de Galicia, redactándose os proxectos que se relacionan de seguido, sendo necesaria a súa aprobación para poder incoar o correspondente expediente de contratación tan pronto como sexa posible:

Denominación	Achega solicitada	Orzamento total (IVE engadido)
Mellora na eficiencia enerxética da iluminación da casa consistorial e outros edificios municipais mediante tecnoloxía LED.	Fondo de Compensación Ambiental 2019	39.965,41 €
Mellora da pavimentación en camiños municipais 173,175 e 176	Mellora de Infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais 2019	39.999,99 €
Renovación de aparcadoiros no P.I. Espírito Santo, Rúa Zeppelin e rúa Isaac Peral, Cambre	Mellora infraestruturas parques empresariais 2019	126.800,24 €
Renovación do emisario da rede de saneamento do P.I. do Espírito Santo, tramo A Marisqueira, Cambre	Mellora infraestruturas parques empresariais 2019	129.409,16 €
Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio	Plan Mellora de camiños municipais 2019-2020	49.752,45 €

O proxecto “Mellora na eficiencia enerxética da iluminación da casa consistorial e outros edificios municipais mediante tecnoloxía LED”, cun orzamento total de 39.965,41 € e redactado polo enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz, propón unha renovación da iluminación interior de varios edificios municipais, mediante a subministración e a instalación de luminarias ou de lámpadas de tecnoloxía de díodos emisores de luz o LED (light-emitting diode), para

substituír a iluminación existente tradicional (fluorescente, incandescente e halóxeno) na Casa Consistorial e doutros edificios municipais, no Concello de Cambre (A Coruña,) concretamente nos seguintes edificios ou locais:

- Casa Consistorial
- Baixos policía local
- Baixos OMIX, Emprego e Servizos
- Oficinas de A Barcala
- Escola Taller
- Casa Palmeras

Deste xeito, actúase nas zonas que teñen maior número de horas de usos e onde os prazos de amortización son máis curtos. Con iso preténdese mellorar os niveis de iluminación do edificio, reducir o custo da factura enerxética e dos custos de mantemento da instalación. Trátase en definitiva dunha actuación de aforro e eficiencia enerxética na instalación de iluminación dos ditos edificios.

Por outra banda, o proxecto “Mellora da pavimentación en camiños municipais 173,175 e 176”, cun orzamento total de 39.999,99 €, redactado polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño, propón actuar nos camiños de Balado e Quintán, que debido ao abundante tráfico, produciuse un menoscabo na calzada polo natural uso do ben, polo que é necesario proceder a súa conservación e mantemento procedéndose ao varrido e lavado do firme por medios mecánicos para posteriormente estender unha capa de 5 cm. de espesura de mestura bituminosa en quente tipo D-12.

Co proxecto denominado “Renovación de aparcadoiros no P.I. Espírito Santo, Rúa Zeppelin e rúa Isaac Peral, Cambre” cun orzamento total de 126.800,24 € e redactado polo enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, preténdese unha mellora no polígono perfilándose as gabias existentes co fin de mellorar a drenaxe do camiño e reacondicionando o firme con aglomerado asfáltico. As actuacións principais que se levarán a cabo son:

- Demolición e levantamento de beirarrúas e bordos.
- Escavación de caixa de ensanche.
- Pavimento continuo de formigón.
- Extensión dunha capa de mestura bituminosa en quenten tipo D-12
- Pintado de prazas de aparcadoiro en batería.

O proxecto denominado “Renovación do emisario da rede de saneamento do P.I. do Espírito Santo, tramo A Marisqueira, Cambre”, cun orzamento total de 129.409,16 €, e redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, pretende solucionar os problemas de atascos nas redes existentes no polígono actuando esta vez no emisario, sendo este de diámetro 315 inferior aos das redes principais que son de diámetro 400. Así, debido a grande cantidade de auga incorporada á rede do polígono e provinte de municipios limítrofes, provoca que a rede entre en carga, saltando as tapas dos pozos co conseguinte perigo para a circulación na estrada e entrando incluso nalgunhas vivendas. Con este proxecto substituirase un tramo de 710 ml modificando a sección dun 315 mm. por outra de 500.

Finalmente, co proxecto “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio”, cun orzamento total de 49.752,45 €, e redactado polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño, procederase á súa mellora, mediante o seu reafirmado, xa que debido ao importante número de vehículos que transitan por el, atópase moi deteriorado.

Por todo o exposto e en virtude do establecido no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Mellora na eficiencia enerxética da iluminación da casa consistorial e outros edificios municipais mediante tecnoloxía LED”, cun orzamento total de 39.965,41 € e redactado polo enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz.

Segundo: Aprobar o proxecto denominado “Mellora da pavimentación en camiños municipais 173,175 e 176”, cun orzamento total de 39.999,99 €, redactado polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño.

Terceiro: Aprobar o proxecto denominado “Renovación de aparcadoiros no P.I. Espírito Santo, Rúa Zeppelin e rúa Isaac Peral, Cambre” cun orzamento total de 126.800,24 € e redactado polo enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Cuarto: Aprobar o proxecto denominado "Renovación do emisario da rede de saneamento do P.I. do Espírito Santo, tramo A Marisqueira, Cambre", cun orzamento total de 129.409,16 €, e redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal.

Quinto: Aprobar o proxecto denominado "Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio", cun orzamento total de 49.752,45, e redactado polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño.

Sexto: Notifíquese aos interesados."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de marzo de 2019.

Vista a emenda presentada polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 26 de marzo de 2019, que consta do seguinte teor literal:

"Logo de ver que con data 21 de marzo de 2019 ditaminouse favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico a proposta de aprobación de varios proxectos de mellora da eficiencia enerxética e das infraestruturas para os que se solicitaron subvencións.

Logo de ver que ese mesmo día, recibíuse requirimento da Dirección xeral de Enerxía e Minas, respecto da solicitude dunha achega para o proxecto denominado "Renovación de aparcadoiros no Polígono Industrial Espírito Santo, rúa Zeppelin e rúa Isaac Peral, Cambre", ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2019, mediante o que solicitan os seguintes documentos:

- Plano/s asinado, a escala axeitada, onde se representen con claridade os límites do parque empresarial e a localización concreta do conxunto das actuacións.
- Plano/s asinado, a escala axeitada, coas cotas (en metros) do tramo/s de beirarrúas e do tramo/s de aparcamento proxectados para a **rúa Zeppelin**; así como de calquera outro tramo/s onde se executen actuacións na dita rúa. O plano nº 3.1 achegado non está acotado e non permite verificar as lonxitudes que figuran no apartado "Medicións". O grao de detalle do plano deberá permitir comprobar a lonxitude do/s tramo/s de vía sobre os que se actuará.
- No referente á **rúa Isaac Peral**:
 - Plano/s asinado, a escala axeitada, coas cotas (en metros) do tramo/s onde se proxecta a habilitación das prazas de aparcamento. Os planos nº 3.2.1 e 3.2.4 non acotan os tramos de aparcamento. O grao de detalle do plano deberá permitir comprobar a lonxitude do/s tramo/s de vía sobre os que se actuará.
 - Plano/s asinado, a escala axeitada, coas cotas (en metros) do tramo/s onde se proxecta o reforzo do firme e do tramo de pluviais novas (incluíndo a localización do pozo de rexistro da partida 03.10 dos orzamentos), O plano nº 3.3 non está acotado e non permite verificar as lonxitudes que figuran no apartado "Medicións". O grao de detalle do plano deberá permitir comprobar a lonxitude do/s tramo/s de vía sobre os que se actuará.
- Plano/s asinado, a escala axeitada, onde se represente a sinalización horizontal (marcas viais e símbolos) e vertical proxectada par a rúa Zeppelin e Isaac Peral. Deberá poder identificarse os símbolos de ceda o paso, isletas, marcas viais, pasos de peóns, etc. sobre os que se actuará. Así mesmo, identificaranse sobre plano/s as partidas 10.11NEGRO, 10.06NEGROe 10.06.
- De ser o caso, certificado conxunto da Fegamp e da Xunta de Galicia no cal se acredite a proposta de habilitación do concello con <<Concello emprendedor-Concello Doing Business>>, expedidos con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

Tendo en conta que o Concello de Cambre non dispón da habilitación <<Concello emprendedor-Concello Doing Business>>,

Tendo en conta que os planos solicitados deben formar parte do proxecto para o cal se solicita a achega, con data 25 de marzo de 2019, polo enxeñeiro de camiños municipal asinouse novamente o proxecto incluíndo a dita planimetría, polo que procede modificar o apartado terceiro do acordo contido na proposta desta concellería, de data 4 de marzo de 2019,

ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico o día 21 de marzo de 2019.

Tendo en conta a regulación contida no artigo 115.1 e) do Regulamento orgánico municipal respecto da presentación de emendas, formulo proposta de modificación do citado apartado terceiro do acordo contido na proposta desta concellería de data 4 de marzo de 2019, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico o día 21 de marzo de 2019, que quedará redactado do teor literal seguinte:

Aprobar o proxecto denominado “Renovación de aparcadoiros no P.I. Espírito Santo, Rúa Zeppelin e rúa Isaac Peral, Cambre” cun orzamento total de 126.800,24 € asinado con data 25 de marzo de 2019 polo enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño.”

Sometida a emenda a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente neste momento do BNG (don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Votan en contra os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad). E abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a emenda tal e como foi transcrita.

Sometida a proposta a votación ordinaria, coa modificación do apartado terceiro que queda redactado segundo a emenda que foi aprobada pola Corporación, e coa supresión do apartado cuarto motivado en que no día de onte tense recibido un requirimento de documentación respecto do proxecto de “Renovación do emisario da rede de saneamento do P.I. do Espírito Santo, tramo A Marisqueira, Cambre”, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente neste momento do BNG (don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Mellora na eficiencia enerxética da iluminación da casa consistorial e outros edificios municipais mediante tecnoloxía LED”, cun orzamento total de 39.965,41 € e redactado polo enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz.

Segundo: Aprobar o proxecto denominado “Mellora da pavimentación en camiños municipais 173,175 e 176”, cun orzamento total de 39.999,99 €, redactado polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño.

Terceiro: Aprobar o proxecto denominado “Reordenación de aparcadoiros no P.I. Espírito Santo, rúa Zeppelin e rúa Isaac Peral, Cambre”, cun orzamento total de 126.800,04 €, asinado con data 25 de marzo de 2019 polo enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño.

Cuarto: Aprobar o proxecto denominado “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio”, cun orzamento total de 49.752,45, e redactado polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño.

Quinto: Notifíquese aos interesados.

2.6. Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 349/2019, do 22 de febreiro, respecto da proposta de aprobación dos proxectos supervisados pola Deputación Provincial, incluídos no Plan de cooperación ás obras e servizos municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Acceso á videoacta – 01:05:31 horas

Vista a proposta de Alcaldía do día 6 de marzo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“Logo de ver que polo Pleno desta Corporación na súa sesión extraordinaria do día 13 de decembro de 2018, aprobouse o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, no que se incluíron os proxectos que se indican a continuación:

- Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase 3.
- Mellora da pavimentación no paseo da Barcala e o camiño do Pombo.
- Mellora da pavimentación nos camiños de Mercurín e Brexo.
- Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase 2.
- Mellora da pavimentación no paseo marítimo do Temple.
- Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña.
- Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo ao Pinar e A Torre, e Barreiros.
- Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no camiño das Gamelas.
- Mellora da pavimentación no camiño de San Roque, Fonte Cuntín e Cobazás.
- Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis.

Logo de ver que con data 11 de febreiro de 2019, recibíronse requirimentos da Excm. Deputación Provincial da Coruña, relativos á necesidade de corrixir algúns aspectos dos proxectos denominados “Mellora da pavimentación no paseo marítimo do Temple”, “Mellora da pavimentación no camiño de San Roque, Fonte Cuntín e Cobazás” e “Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis”, todo iso á vista dos informes emitidos polo servizo de asistencia técnica a municipios.

Logo de ver que segundo o disposto na Base 5.A.- Documentación xeral, das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 188, do 2 de outubro de 2018, corresponde ao Pleno municipal aprobar os proxectos das obras incluídos na citada convocatoria.

Logo de ver que segundo se indica nos devanditos requirimentos da Deputación Provincial, o concello deberá aprobar os proxectos corrixidos e supervisados favorablemente de xeito que cando a aprobación se faga por decreto da Alcaldía por tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, este decreto deberá posteriormente subirse á plataforma SUBTEL e elevarse ao pleno do concello nos respectivos expedientes municipais sen necesidade de remitir a ratificación plenaria a esta deputación.

Logo de ver que polo enxeñeiro de camiños municipal, Xefe da Sección de Servizos, realizáronse as corrección oportunas en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica,

Logo de ver que o prazo outorgado para emendar as deficiencias nos proxectos é de 10 días hábiles rematando o dito prazo o día 25 de febreiro, celebrándose o Pleno Municipal o 28 de febreiro, polo que urxía a súa aprobación por resolución de Alcaldía, para poder emendar en tempo e forma, polo que ditos proxectos supervisados foron aprobados por resolución de Alcaldía número 349/2019 do 22 de febreiro de 2019.

Por todo o anterior, propoño ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro: Ratificar a Resolución da Alcaldía número 349/2019, do 22 de febreiro, e, polo tanto:

-Aprobar o proxecto denominado “Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo do Temple”, elaborado polo enxeñeiro de camiños municipal, D. Óscar Souto Muíño, cun importe total de 68.210,97€, supervisado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS+ 2019.

-Aprobar o proxecto denominado “Mellora da pavimentación no camiño de San Roque, Fonte Cuntín e Cobazás”, elaborado polo Enxeñeiro de Camiños Municipal, D. Óscar Souto Muíño, cun importe total de 95.491,28€, supervisado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS + 2019.

-Aprobar o proxecto denominado “Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis”, elaborado polo Enxeñeiro de Camiños Municipal, D. Óscar Souto Muíño, cun importe total de 61.766,19 €, supervisado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS+ 2019.

Segundo: Dar conta á Deputación Provincial da Coruña, para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de marzo de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente neste momento do BNG (don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.7. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “Proxedis II, Profesionais en xeriatría e discapacidade 2018/2019” do Concello de Cambre

Acceso á videoacta – 01:08:20 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico do día 15 de marzo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«Visto que os obradoiros de emprego concíbense como programas de carácter temporal, mixtos de formación e emprego, enmarcados nas políticas activas de emprego, dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de 18 anos ou máis anos, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social, co obxectivo final de favorecer a inserción laboral das persoas participantes.

Tendo en conta a positiva experiencia obtida na posta en marcha do proxecto Proxedis (Profesionais en Xeriatría e Discapacidade), na anterior programación, na que o alumnado traballador adquiriu experiencia profesional en dous ámbitos de actuación coas persoas dependentes (terceira idade e discapacidade), aprobouse a presentación do proxecto para a execución do obradoiro dual de emprego “Proxedis II (Profesionais en Xeriatría e Discapacidade)”, que permitirá a contratación en alternancia coa formación dun total de 20 persoas desempregadas de Cambre especialmente

desfavorecidas, de 18 e máis anos, para a realización de servizos de interese social na área da atención sociosanitaria a persoas en institucións colaboradoras co proxecto, xunto coa solicitude da subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para a execución do obradoiro mencionado, ao abeiro da orde da Consellería de Economía Emprego e Industria de 4 de maio de 2018.

Vista a resolución do 18 de setembro de 2018 do Servizo de Orientación en Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que se concedía unha subvención ao Concello de Cambre para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego "Proxedis II (Profesionais en Xeriatría e Discapacidade)", polo importe de 288.807,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscribisen co alumnado para a realización do proxecto (20 alumnos/as traballadores/as) e **30.000,00 € para incentivos á contratación laboral temporal do colectivo participante á finalización do obradoiro** (1.500,00 € por cada traballador/a, co obxecto de promover a inserción laboral das persoas participantes no obradoiro dual de emprego), faise precisa a realización dunha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro, ao establecelo así expresamente o artigo 15.2 da orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria *"No caso de que as entidades promotoras soliciten subvención para incentivos á contratación deberán publicar unha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego"*.

As principais características destes incentivos a contratación son:

- A xestión das axudas realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- O procedemento de tramitación das axudas axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- As axudas diríxense a entidades que desenvolvan actividades que estean directamente relacionadas coa formación impartida no obradoiro dual de emprego Proxedis II (atención sociosanitaria no ámbito da xeriatría e/ou a discapacidade) e sexan titulares de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou a discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente do ámbito da formación impartida no obradoiro.
- Teñen como finalidade incentivar a contratación laboral temporal das persoas participantes no obradoiro, cunha duración mínima de 3 meses a xornada completa.
- Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a contratado/a.
- O número máximo de contratacións a incentivar será de 20.
- O número máximo de contratos temporais a incentivar con cargo á presente convocatoria será de catro por entidade participante.
- As solicitudes de axudas deberán presentarse no prazo comprendido entre a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e o 31 de maio de 2019 e as contratacións realizarse entre o 29 de xullo de 2019 e o 31 de outubro de 2019.
- Todos os trámites administrativos a realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nas bases deberán ser realizados electrónicamente.
- As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases da convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.
- O orzamento global máximo para esta convocatoria ascende a 30.000,00 euros, sendo o seu 100% aboado ao Concello pola Consellería unha vez formalizados a resolución de concesión da axuda á entidade e os contratos temporais acreditativos das contratacións realizadas.

Tendo en conta o informe emitido polo técnico en promoción económica, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, **propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

Primeiro: Aprobar as bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "Proxedis II, Profesionais en Xeriatría e Discapacidade 2018/19" do Concello de Cambre, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude (anexos)

Bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “Proxedis II, Profesionais en Xeriatría e Discapacidade 2018/19” do Concello de Cambre

Base 1ª. Disposición xeral

- 1.1. A convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “Proxedis II, Profesionais en Xeriatría e Discapacidade 2018/19” do Concello de Cambre ten por obxecto incentivar á contratación e promover a inserción laboral das persoas participantes no mesmo, de acordo co disposto no artigo 15 da Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego duais da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2018.
- 1.2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:
 - a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
 - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
 - c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- 1.3. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 30.000,00 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 241.48000, subvencións correntes a institucións sen fin de lucro para fomento do emprego e 241.47000, subvencións correntes a empresa para fomento do emprego, en función da natureza xurídica da entidade beneficiaria da axuda.

En calquera caso, a concesión de subvencións e o recoñecemento das contías quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nas aplicacións orzamentarias.

Base 2ª. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

- 2.1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas participantes ou que tivesen participado no obradoiro dual de emprego “Proxedis II, Profesionais en Xeriatría e Discapacidade 2018/19” do Concello de Cambre, financiado a través da convocatoria 2018 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.
- 2.2. As contratacións temporais que se beneficien desta convocatoria terán unha duración mínima de 3 meses, deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse entre o 29 de xullo de 2019 e o 19 de agosto de 2019.
- 2.3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.
- 2.4. As entidades beneficiarias seleccionarán ao alumnado traballador obxecto de contratación en función do criterio da orde de entrada das súas solicitudes na sede electrónica do Concello de Cambre.

Base 3ª. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación

- 3.1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación:
 - a) As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas (traballadores/as autónomos/as), as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que vai aplicarse para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión

deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas. Asemade, poderán ser beneficiarias destes incentivos as entidades sen ánimo de lucro (asociacións, fundacións), as congregacións e entidades relixiosas e restantes organizacións nas que concorran os requisitos establecidos nestas bases.

- b) Que desenvolvan actividades que estean directamente relacionadas coa formación impartida no obradoiro dual de emprego Proxedis II (atención sociosanitaria no ámbito da xeriatría e/ou a discapacidade).
 - c) Que sexan titulares de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou a discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente.
 - d) Que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego relacionados con ocupacións ou postos de traballo vinculados á atención sociosanitaria a persoas dependentes (coidadoras/es, xerocultoras/es, auxiliares de axuda ao domicilio ou similares), na categoría profesional correspondente.
- 3.2. No poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administración públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vencelladas ou dependentes de calquera delas.
- 3.3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta convocatoria as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:
- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
 - b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
 - d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
 - e) Non estar ao corrente das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
 - f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
 - g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
 - h) Ser sancionada mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
 - i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
 - j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incurso nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.
- 3.4. No poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións no orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, de 4 de agosto.

- 3.5. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que non estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, que serán comprobadas de oficio.
- 3.6. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incurso nas prohibicións contidas nos números 3.3 e 3.4 anteriores para obter a condición de beneficiaria se realizará mediante declaración responsable, segundo modelo do **anexo II**.
- 3.7. A xustificación da titularidade de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou a discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente, se realizará mediante consulta dos datos incluídos no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Base 4ª. Contía dos incentivos, incompatibilidades e concorrencia

- 4.1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
- 4.2. O número máximo de contratos temporais a incentivar con cargo á presente convocatoria será de catro por entidade participante.
- 4.3. Os beneficios establecidos á contratación nesta convocatoria serán incompatibles con outros que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
- 4.4. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custe salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Base 5ª. Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados nesta convocatoria:

- 5.1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
- 5.2. Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaría ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un solo familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
- 5.3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores ás data da contratación prestaran servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de relevo ou de relevo por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás que a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

Base 6ª. Solicitudes, documentación e prazos

- 6.1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no prazo comprendido entre a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e o **31 de maio de 2019**.
- 6.2. As solicitudes de axudas dirixiranse ao/á Alcalde do Concello de Cambre e presentaranse na súa sede electrónica (<https://sede.cambre.es/opencms/gl/>).
- 6.3. **Todos os trámites administrativos** que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nestas bases, **deberán ser realizados electrónicamente**.
- 6.4. As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado "Solicitud" que figura como **anexo I** a estas bases reguladoras, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:
- a) Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade.
 - b) Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).
 - c) Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas e das entidades sen ánimo de lucro, da acreditación da inscrición no rexistro de entidades relixiosas, no caso das congregacións e entidades relixiosas, ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica.
 - d) Declaración responsable e autorizacións segundo o modelo do **anexo II**.
 - Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
 - Declaración responsable de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
 - Declaración responsable de posuír a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda,
 - Autorización ao Concello de Cambre á obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre (no caso de non conceder esta autorización, deberán aportar certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co Concello de Cambre).
 - e) Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT ou documentación que acredite que as actividades da entidade estean directamente relacionadas coa formación impartida no obradoiro dual de emprego Proxedis II.
 - f) Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo do **anexo III**.
 - g) Designación de conta bancaria, segundo o modelo do **anexo IV**, ou certificado de conta bancaria.

Base 7ª: Autorizacións

- 7.1. A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 7.2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos

facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

Base 8ª. Competencia, resolución e recursos

- 8.1. O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas axudas será o alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, a proposta do/a concelleiro/a responsable, unha vez recibidas as propostas definitivas dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polas entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.
- 8.2. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
- 8.3. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 2 meses, que se computará dende a data de finalización do prazo de presentación da solicitude nas sede electrónica do Concello de Cambre para a súa tramitación. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, se entenderá desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.
- 8.4. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.
- 8.5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 9ª. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

- 9.1. O procedemento de tramitación das axudas recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realizarase pola comprobación da concorrencia nas entidades e empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.
- 9.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.
- 9.3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o **Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal**, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de

Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- 9.4. As axudas previstas nestas bases están amparadas no réxime de axuda de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, de 24 de decembro de 2013).

Base 10ª. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Base 11ª. Xustificación e pagamento

- 11.1. Concedidas e notificadas as axudas, estas faranse efectivas nun pagamento único, rematado o período de contratación estipulado, unha vez se xustifique a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, condicionado á acreditación nun prazo máximo de **1 mes dende o remate da contratación subvencionada** por parte da entidade ou empresa beneficiaria. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o mesmo no prazo anteriormente indicado, mediante a remisión da seguinte documentación:
- Xustificación e solicitude de pagamento segundo o modelo do **anexo V**.
 - Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o **modelo do anexo III**.
 - Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, que acrediten a contratación no período comprendido entre o 29 de xullo de 2019 e o 31 de outubro de 2019 das persoas desempregadas que tiveran participado no proxecto de Obradoiro de Emprego Proxedis II, Profesionais en Xeriatría e Discapacidade 2018/2019.
 - Informe de vida laboral do código da conta de cotización específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación, comprensiva do período de duración da contratación.
- 11.2. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.
- 11.3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Cambre ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.
- 11.4. Logo da resolución de concesión, o alcalde, a proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pagamento da axuda. O abono levarase a cabo nun único pago, e mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da entidade ou empresa beneficiaria sinalada.

Base 12ª. Obrigas das entidades beneficiarias

- 12.1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego Proxedis II.

- 12.2. Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante o tempo mínimo establecido nestas bases, mantendo no seu cadro de persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención (3 meses) a xornada completa.
- No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Cambre, **no prazo de sete días naturais** dende que se produza, para promover o seu relevo en iguais condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non foran contratadas previamente.
 - Nestes casos, a cobertura do posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para o remate do período estipulado inicialmente.
 - En caso contrario, a entidade beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro. A nova persoa contratada deberá ter participado no proxecto de Obradoiro de Emprego "Proxedis II Profesionais en Xeriatría e Discapacidade" 2018/19.
 - No caso de que o Concello de Cambre non subministrara ningunha persoa candidata para ocupar o posto de traballo vacante, o importe a percibir de subvención será proporcional ao tempo efectivo da contratación.
 - De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais, que contarán dende o remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Concello de Cambre esta nova contratación, acreditando:
 - O contrato de traballo da persoa contratada inicialmente inscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
 - Baixa da persoa contratada inicialmente.
 - Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
 - Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado ao Servizo Público de Emprego.
- 12.3. Xustificar ante o Concello de Cambre o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade, aportar a documentación requirida, e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre. Particularmente, no caso de ser así establecido na resolución de concesión, aportar copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, no prazo estipulado na antedita resolución de concesión.
- 12.4. Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.
- 12.5. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.
- 12.6. Conservar os documentos xustificativos relativos á axuda, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- 12.7. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases segunda e terceira desta convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.
- 12.8. Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas polo Concello de Cambre de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Base 13ª. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro

- 13.1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos intereses de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 13.2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde, se entenderán sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
- 13.3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a entidade non proceda a substituíla.

Base 14ª. Devolución voluntaria da subvención

- 14.1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Cambre, en concepto de devolución voluntaria da subvención.
- 14.2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Base 15ª: Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Cambre, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos na décimo segunda, así como para a avaliación deste programa. Ademais facilitaránlle á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 16ª: Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

SOLICITUDE (ANEXO I) INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN PROXEDIS II

ENTIDADE SOLICITANTE			
Razón social		C.I.F.	
Apelidos e nome		D.N./N.I.E	
Enderezo			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono		Correo electrónico	
Actividade principal (descrición)		CNAE	
Outras actividades		CNAEs	

<input type="checkbox"/>	Empresa individual	<input type="checkbox"/>	Sociedade civil / comunidade de bens	<input type="checkbox"/>	Outras sociedades (S.L., S.A.)	<input type="checkbox"/>	Cooperativa / sociedade laboral
<input type="checkbox"/>	Asociación	<input type="checkbox"/>	Fundación	<input type="checkbox"/>	Congregacións e institucións relixiosas	<input type="checkbox"/>	Outras

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E	
-----------------	--	--------------	--

ENDEREZO ELÉCTÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificacións	
--	--

DATOS DO CENTRO NO QUE SE REALIZARÁ A CONTRATACIÓNS

Enderezo do centro 1				
C.P.		Localidade		Provincia
Teléfono		Correo electrónico		
Enderezo do centro 2				
C.P.		Localidade		Provincia
Teléfono		Correo electrónico		

DATOS DAS CONTRATACIÓNS A REALIZAR

Nº de contratacións temporais que se compromete a realizar	1	<input type="checkbox"/>	2	<input type="checkbox"/>	3	<input type="checkbox"/>	4	<input type="checkbox"/>
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos ao compromiso de contratacións temporal a realizar e duración mínima das contratacións (3 meses).								

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/>	Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade
<input type="checkbox"/>	Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación
<input type="checkbox"/>	Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas e das entidades sen ánimo de lucro ou da acreditación da inscrición no rexistro de entidades relixiosas, no caso das congregacións e entidades relixiosas ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable e autorizacións (anexo II)
<input type="checkbox"/>	Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT ou documentación que acredite que as actividades da entidade estean directamente relacionadas coa formación impartida no obradoiro dual de emprego Proxedis II
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable comprensiva das axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución (anexo III)
<input type="checkbox"/>	Designación de conta bancaria (anexo IV) ou certificado de conta bancaria
<input type="checkbox"/>	Outra documentación (especificar)

Sr alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as Bases da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "Proxedis II, Profesionais en Xeriatría e Discapacidade 2018/19" do Concello de Cambre, **solicita** a concesión da/s corespondente/s axuda/as para á contratación, de acordo co especificado nas bases desta Convocatoria, e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, ____ de _____ de 2019

Asdo, _____

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

**DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN PROXEDIS II**

Don / dona con D.N./N.I.E.

En nome e representación de

Razón social con C.I.F.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- Que non esta incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base terceira desta convocatoria
- Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
- Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da axuda.
- Que reúne as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base terceira da convocatoria.
- Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e decimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade dos incentivos á contratación do alumnado traballador do obradoiro de emprego "Proxedis II Profesionais en Xeriatría e Discapacidade 2018/19" (base decimo quinta).

Cambre, ___ de _____ de 2019 Asdo, _____	ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."
De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.	

**DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPRENSIVA DOUTRAS AXUDAS (ANEXO III)
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN PROXEDIS II**

Don / dona con D.N./N.I.E.

En nome e representación de

Razón social con C.I.F.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda		Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

Ou, alternativamente

- Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade que as subvencións desta convocatoria de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

Que esta entidade ten concedidas en réxime de minimis (Regulamento CE nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis), neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora

Ou, alternativamente

- Que non ten concedidas en réxime de minimis axudas neste ano nin nos dous anteriores.

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Cambre, ____ de _____ de 2019 Asdo, _____	<p>ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."</p>
<p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.</p>	

**MODELO DE DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA (ANEXO IV)
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN PROXEDIS II**



TITULAR DA CONTA				
Razón social				C.I.F.
Enderezo				
C.P.	Localidade			Provincia
Teléfono	Correo electrónico			

DATOS DA CONTA													
IBAN da conta bancaria (24 díxitos)													
Código de país	Código de control	Código do banco			Código da sucursal			Díxito de control	Número de conta				
DECLARO, baixo a miña responsabilidades, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.													
En, a ____ de ____ de 2019													
Sinatura do/a solicitante													

<p>Cambre, ____ de _____ de 2019</p> <p>Asdo, _____</p>	<p>ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."</p>
<p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.</p>	

XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE PAGAMENTO (ANEXO V) INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN PROXEDIS II

ENTIDADE SOLICITANTE			
Razón social			C.I.F.
Apelidos e			D.N.I./N.I.E
Enderezo			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono	Correo		

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL	
Apelidos e nome	D.N.I./N.I.E

DECLARA

Que para a súa xustificación e previo ao pagamento da subvención acredita o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención coa presentación dos seguintes documentos:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
<input type="checkbox"/>	Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo III.
<input type="checkbox"/>	Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, que acrediten a contratación no período comprendido entre o 29 de xullo de 2019 e o 31 de outubro de 2019 das persoas desempregadas que tiveran participado no proxecto de Obradoiro de Emprego Proxedis II.
<input type="checkbox"/>	Informe de vida laboral do código da conta de cotización específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación comprensiva do período de duración da contratación.

- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade dos incentivos á contratación do alumnado traballador do obradoiro de emprego "Proxedis II Profesionais en Xeriatría e Discapacidade 2018/19" (base decimo quinta).

Sr alcalde do Concello de Cambre
<p>Quen subscribe, aporta a documentación requirida acreditativa do cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión e solicita o pagamento das axudas correspondentes á contratación das persoas participantes no obradoiro Proxedis II, de acordo co especificado nas bases da Convocatoria, declarando ser certos todos os datos do presente documento.</p> <p>Cambre, ____ de _____ de 2019</p> <p>Asdo, _____</p> <p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.</p>

Segundo: Aprobar o gasto correspondente por importe total de **trinta mil euros (30.000,00 euros)**, imputables ás aplicacións orzamentarias 241.48000, subvencións correntes a institucións sen fin de lucro para fomento do emprego e 241.47000, subvencións correntes a empresas para fomento do emprego, en función da natureza xurídica da entidade beneficiaria da axuda.

Terceiro: Publicar as bases da convocatoria así como os formularios de solicitude no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de marzo de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente neste momento do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.8. Aprobación inicial, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre para o ano 2019

Acceso á videoacta – 01:10:44 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade do día 14 de marzo de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“O concello é a administración máis próxima ao cidadán e afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización do deporte orientando a súa estratexia cara á consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade no recursos técnicos – humanos e coherencia nas programacións.

Dende hai anos asínase polo concello de Cambre diferentes convenios de colaboración con distintas entidades de ámbito deportivo para o fomento e desenvolvemento no municipio do deporte de base.

O Departamento de Deportes ademais ven colaborando na promoción de deportistas de nivel de Cambre a través da concesión de bolsas para estes deportistas nos últimos anos.

Este ano, novamente, é intención desta concellería continuar con esta liña de actuación como principal medida de fomento ao deporte de nivel en Cambre, para o cal se pretende a aprobación dunha nova convocatoria onde se establezan os criterios e procedementos para conceder bolsas para deportistas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Por todo iso, é polo que se propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do concello de Cambre durante 2019, que se relacionan a continuación:

BASES CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DE NIVEL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2019

A- Obxecto:

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para a concesión de bolsas a deportistas de nivel do Concello de Cambre, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade coa intención de fomentar o deporte de nivel entre os veciños do municipio.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade.

A dotación total da presente convocatoria é de 15.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2019/341/48910, cun límite máximo por bolseiro de 1.500,00 euros.

B- Destinatarios:

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas do concello de Cambre que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Ter a idade mínima de trece anos cumpridos no ano da solicitude con carácter xeral e en ximnasia rítmica, natación, salvamento e patinaxe artística, 10 anos cumpridos no ano da solicitude.
- 2.- Estar empadroadado no Concello de Cambre cunha antigüidade de, polo menos, catro anos consecutivos, no ano da solicitude.
- 3.- Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente.
- 4.- Acreditar nivel deportivo na especialidade, polo menos, o ano anterior ao da solicitude, e ter proxección nas previsións de futuro.

Nembargentes, os bolseiros que acrediten unha traxectoria deportiva de nivel, poderán acceder á presente convocatoria se a circunstancia de non poder acreditar nivel deportivo, o ano anterior ao da solicitude, é por mor dunha lesión que impida o desenvolvemento da súa actividade deportiva no 2018. Esta circunstancia deberá acreditarse cun informe da federación correspondente e cun certificado médico que indique o período de inactividade e a orixe e tipo de lesión deportiva. En todo caso a concesión quedará condicionada á efectiva realización do proxecto deportivo que se presente para a valoración da concesión da bolsa na presente convocatoria.

5.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

C- Documentación:

As solicitudes de bolsas presentaranse no Rexistro Xeral do concello, pola persoa interesada deportista de nivel ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado que se facilitará neste rexistro ou na sección de deportes, e no que constará:

1. Solicitude da subvención segundo modelo normalizado.
2. Resumo do historial deportivo, obtido durante o ano 2018, no que haberá de constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición; este historial haberá de vir dilixenciado co visto e prace da Federación deportiva correspondente en documento orixinal.
3. Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano 2019, no que se incluírá necesariamente:
 - 3.1.- Detalle das competicións ás que se asistiu e se pretende asistir no 2019, expresando a súa denominación, data, lugar, número e duración das competicións.
 - 3.2.- Nivel da competición (nacional, internacional).
 - 3.3.- Categoría da competición (absoluta, previa a absoluta...).
 - 3.4.- Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada.
4. Copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2019. Para a realización da compulsa será preciso presentar o orixinal da mesma no momento de realizar a solicitude.
5. Declaración xurada de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6. Certificado de núm. IBAN da conta corrente do que sexa titular o solicitante.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado conlevará a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, no seu caso, tal e como establece o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os certificados de cumprimento de obrigas.

Incorporarase de oficio ao expediente o volante de empadramento no que conste a data de alta.

A sección de deportes revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entendera que desiste da súa solicitude, previa resolución que haberá de ser dictada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

D- Convocatoria:

Unha vez publicadas as Bases, o alcalde, ou en caso de delegación, concelleiro delegado da área, acordará a convocatoria de bolsas de deportistas de nivel do Concello de Cambre para o ano 2019.

De dita convocatoria se dará traslado a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

E- Prazo de solicitude:

O prazo de presentación de solicitudes será de un mes a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no *Boletín oficial da Provincia* a través da BDNS, do cal se dará publicidade na páxina web municipal.

De forma excepcional poderanse admitir solicitudes fóra deste prazo cando concorran algún dos seguintes supostos:

- 1.- O deportista solicitante acceda a probas de nivel (nacionais ou internacionais) por clasificación en probas menores logo do prazo de solicitude.
- 2.- O deportista solicitante sexa seleccionado durante a tempada para probas de nivel (nacionais ou internacionais) despois do prazo de solicitude.

F- Comisión de avaliación:

As solicitudes das bolsas serán estudadas e valoradas por unha comisión de avaliación que estará formada por:

Presidente:	Alcalde ou persoa en quen delegue
Secretaría:	Secretaría xeral do concello ou funcionario en quen delegue
Vogais:	Concelleiro delegado de Deportes Coordinador de Cultura e Educación ou funcionario en quen delegue

G- Concesión das bolsas:

Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os posibles bolseiros se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das bolsas o alcalde, ou en caso de delegación, concelleiro delegado da área, logo da proposta da comisión de avaliación segundo os seguintes criterios:

- 1.- Proxecto deportivo para a presente tempada (nivel, categoría e número de competicións): ata 35 puntos divididos en tres subcriterios:

- Nivel máximo de competición:
11,68 puntos campionato do Mundo/Olímpico
7,77 puntos campionato de Europa
3,88 puntos campionato internacional
- Categoría:
11,66 puntos senior
7,77 puntos xuvenil/junior (previo a senior) /veterano
3,88 puntos resto de categorías
- Número de probas:
11,66 puntos de asistencia a 10 ou máis probas federadas
7,77 puntos asistencia entre 5 e 9 probas federadas
3,88 puntos asistencia a menos de 5 probas federadas

2.- Implantación e importancia da modalidade deportiva no eido nacional: ata 20 puntos.

Tomarase como referencia o número de licenzas federadas, de cada deporte, do ano 2018 segundo a publicación do Consejo Superior de Deportes. Ao deporte de maior implantación se lle outorgaran 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

3.- Resultados obtidos na tempada anterior á da solicitude: ata 20 puntos.

- 20 puntos por clasificacións entre os tres primeiros do campionato do Mundo/Olimpiada/Europeo.
- 15 puntos por clasificacións entre o 4º e 10º de campionatos do Mundo/ Olimpiada/ Europeo.
- 12 puntos por clasificacións (finais) entre os tres primeiros en campionato /copa de España.
- 10 puntos por clasificacións entre os tres primeiros en probas de rango internacional.
- 5 puntos por clasificacións entre o 4º e o 10º en campionatos de España.

4.- Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto/ competición: ata 20 puntos. Tomarase como referencia a aportación económica propia que debe facer cada deportista para cubrir o seu proxecto 2019. Ao deportista con maior aportación económica se lle otorgarán 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

5.- Outros méritos que valorará a comisión: ata 5 puntos. Valoráranse outros méritos non contemplados nos criterios anteriores como concesión de becas deportivas de outras administracións, convocatorias seleccións, estar becado en centros de alto rendemento.....

H- Obrigas do beneficiario:

1.- Realizar o proxecto deportivo obxecto da bolsa, é dicir, ter competido, no ano da convocatoria, en eventos/probas deportivas de relevancia nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións e sempre que este acceso sexa por selección, por clasificación directa en probas menores ou por acreditar unha marca mínima.

2.- Sinalar a súa condición de bolseiro deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda "Concello de Cambre".

3.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a axuda, coa presentación da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria descritiva da tempada realizada e dos resultados obtidos.
- Certificación orixinal da Federación deportiva correspondente, acreditativa da participación nas probas e da clasificación obtida, no que consten as datas e lugar da súa realización.
- Documentación acreditativa da publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Relación completa dos gastos da actividade, con identificación respecto a cada factura do emisor e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento.

En particular terase en conta as seguintes regras:

- Se consideran gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade deportiva subvencionada.
- Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- Nas viaxes que se realicen por mor da actividade e competicións, admitiranse como gastos subvencionables os de desprazamento, aloxamento e os de alimentación.
- Cando o gasto xustificativo que se presente polo bolseiro/a por desprazamento, o sexa a través de liquidacións por indemnizacións en concepto de desprazamentos efectuados polo mesmo, deberá aportarse certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, acreditativo da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións. En todo caso as liquidacións haberán de contar cunha descrición desagregada dos desprazamentos realizados, motivo de cada un dos desprazamentos, quilómetros percorridos, traxecto realizado, etc., e tratarse de gastos propios do bolseiro/a, para que sirvan de xustificante válido de gasto realizado.

En todo caso, o abono dos gastos deberá realizarse polo beneficiario a través de entidade financeira, podendo realizarse pagos en efectivo cando se trate de gastos de escasa contía (ata 150,00 euros), sempre e cando non superen o 10% da subvención concedida. Excepcionalmente, con carácter exclusivo para o exercicio 2019, aceptaranse pagamentos en efectivo realizados con carácter previo á publicación das presentes bases.

- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas referidas a gastos efectuados no exercicio 2019. As facturas deberán especificar de forma detallada, o número, concepto e características dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos. É dicir, non se terán en consideración como gastos validamente xustificados os importe das facturas nas que non conste desglose adecuado dos produtos adquiridos e o prezo unitario de cada un deles, e nos que non sexa identificable a súa natureza e vinculación ao proxecto deportivo.

No momento da súa presentación, antes de facer a fotocopia, sobre o orixinal deberá estenderse dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gastos para a obtención dunha subvención do Concello de Cambre.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación do concello e ás de control financeiro que lle corresponde á intervención municipal.

5.- Comunicarlle ao concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

6.- Participar en actividades ou campañas de difusión ou promoción do deporte que poida realizar a Concellaría de Deportes.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

I- Notificación e publicidade da resolución:

A resolución da concesión das bolsas dictarase polo alcalde, ou en caso de delegación, concelleiro delegado da área, nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de solicitude, e procederase a dar publicidade no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello (www.cambre.org), así como á notificación individual aos beneficiarios, nun prazo máximo dun mes dende a data da resolución.

L- Xustificación e pagamento:

Os bolseiros deberán xustificar a realización do proxecto deportivo mediante a presentación, no rexistro de entrada, da documentación conforme ao apartado H.3. das presentes bases.

O prazo de presentación da xustificación comezará a contar dende o día seguinte ao da comunicación da concesión da bolsa, e rematará o 15 de outubro de 2019.

Finalizado o prazo sen que o bolseiro/a presentase a documentación xustificativa, o departamento de Deportes requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente, en virtude do disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A sección de deportes revisará a xustificación presentada e verificará que conteña a documentación esixida conforme ao formulario aprobado. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entendera que desiste da súa solicitude, previa resolución que haberá de ser dictada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Entenderase que o desistimento conleva a perda do dereito á percepción da bosa concedida

Vista a documentación xustificativa presentada, a Concellería de Deportes valorará se se cumpríu a finalidade da subvención e proporá a aprobación da xustificación presentada, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria, ao Alcalde, que ditará resolución ao respecto.

Para aqueles deportistas que non cumpran na súa totalidade, o proxecto deportivo por mor de lesión derivada da práctica deportiva, entenderase cumprida a finalidade básica da subvención, aboándose un máximo do 40% da subvención concedida, previa valoración da concellería de Deportes.

A renuncia á bolsa por forza maior, deberá comunicárselle ao concello tan pronto como se produza.

O importe da bolsa concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a aportación municipal de forma proporcional.

M - Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, así como o importe da subvención efectivamente percibida, resolucións de reintegros e sancións impostas, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.

Segundo: Aprobar o gasto por importe de quince mil euros (15.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2019 341 48910 Bolsas deportistas.

Terceiro: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do concello de Cambre durante 2019, que se relacionan a continuación:



**“FORMULARIO DE SOLICITUDE
BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2019**

DATOS INTERESADO

Nome: _____ NIF: _____
Idade: _____ Enderezo: _____ CP: _____
Tlf.: _____ Correo- electrónico: _____

DATOS REPRESENTATE

Nome: _____ NIF: _____
Enderezo: _____ Código postal: _____ Municipio: _____
Tlf.: _____ Correo- electrónico: _____

DATOS DEPORTIVOS

Especialidade deportiva: _____
Licenza Federativa nº: _____
Categoría: _____
Club ó que pertence: _____
Enderezo do club: _____
Cambre, ____ de _____ de 2019

Asinado: _____

Achegarase xunto a este formulario:

- copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2019**
- Certificación de datos bancarios**

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que o solicitante esté ao corrente das súas obrigas coa AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, na tramitación do expediente.

- Non autorizo (neste caso achegarase a documentación correspondente).

ALCALDE DO CONCELLO DE CAMBRE



HISTORIAL DEPORTIVO 2018

Competición	Categoría/nivel	Datas/lugar	Posto
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			

Selo e Vº e Prace da Federación deportiva

PROXECTO DEPORTIVO 2019

Competición	Data e Lugar	Categoría	Nivel
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			



ORZAMENTO ESTIMADO DA TEMPADA

GASTOS

Licenzas :

Materias :

Desprazamentos :

Outros :

INGRESOS

Achega propia :

Achega Club :

Achega Federación :

Bolsa Concello :

Outras bolsas :

Patrocinadores :

TOTAL:

TOTAL:

Cambre, ___ de _____ de 2019.

Asdo.: _____

Don/ dona _____, con DNI _____, de
conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2019, do
Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, ___ de _____ de 2019.

Asdo.: _____



FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN
BOLSAS PARA DEPORTISTAS DE NIVEL DO CONCELLO DE CAMBRE 2019

DATOS PERSOAIS

Nome:

NIF:

Enderezo:

CP:

Tlf. móbil:

Tlf. fixo:

Correo- electrónico:

Achégolle a documentación xustificativa que acredita o cumprimento da finalidade para que se me concede a axuda, segundo o establecido no apartado H.- das bases da presente convocatoria (BOP núm. , do de de 2019), e para o abonamento da bolsa concedida.

Cambre, ___ de _____ de 2019

Asinado:

Achegarase xunto a este formulario:

- Xustificación dos gastos realizados mediante a presentación das facturas orixinais ou copias cotexadas
- Acreditar a publicidade do concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeos..)

Sr. Alcalde do Concello de Cambre

	Páxina
1.- Memoria da Tempada.....	3
2.- Certificación da participación nas probas obxecto da convocatoria.....	4
3.- Resumo de gastos realizados.....	5
4.- Declaración de axudas e cumprimento da finalidade da bolsa.....	6

MEMORIA DA TEMPADA

(Descrición de non máis de dous folios das actividades deportivas desenvolvidas polo bolseiro durante o ano 2019, que sexan de interese á hora de comprobar a efectiva realización do obxecto a subvencionar, tales como entrenamentos, competicións, cursos aos que asisten, concentracións, etc. O obxectivo da Memoria é xustificar o cumprimento do proxecto deportivo para o cal se concedeu a bolsa)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don/a _____ como secretario/a da Federación Deportiva de _____, co NIF _____

CERTIFICO:

Que durante o ano 2019 o/a deportista _____ participou e obtivo os resultados que se relacionan:

Data/ Lugar	Actividade /Competición	Categoría	Posto

_____, ____ de _____ de 2019

Asinado:
(selo da federación)



D./ Dna. _____ con DNI: _____
como bolseiro/a deportista do Concello de Cambre 2019,

DECLARO:

- 1.- Que para o 2019 obtiven unha bolsa (subvención) do concello de Cambre, por importe de _____ euros
- 2.- Que para o mesmo obxecto, obtiven, ademais as seguintes axudas ou subvencións:

ENTIDADES CONCEDENTES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIÓNS RECIBIDAS	

NON RECIBÍN NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

- 3.- Que se cumpriu a finalidade da bolsa mediante a realización das actividades ou competicións para as que foi concedida, tal e como se reflicte na memoria que se achega.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cumprimento da finalidade, expídese a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ 2019.

Asinado: _____

Don/ dona _____, con DNI _____, de
conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2019, do
Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- 1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

En Cambre, de de 2019.

Asinado: _____

Cuarto: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases da convocatoria de bolsas para deportistas de nivel do concello de Cambre para o ano 2019, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Sexto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación definitiva das Bases.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente neste momento do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.9. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 01:17:09 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da proposta de Alcaldía respecto da designación de representante municipal na Comisión de Escolarización, curso 2019-2020. Votan a prol os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa

Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente neste momento do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes neste momento, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

Única. Designación de representante municipal na Comisión de Escolarización, curso 2019-2020

Vista a proposta de Alcaldía que consta do seguinte teor literal:

“Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/1761, do día 21 de marzo de 2019 procedente da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no que se solicita a designación dun representante do Concello de Cambre para formar parte da comisión de escolarización do concello de Cambre do vindeiro curso 2019-2020, isto para os efectos de dar cumprimento ao regulado no Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG do 26/12/2012), polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Con base no exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na comisión de escolarización, curso 2019-2020, a dona M^a Jesús Gómez González, concelleira de Educación do Concello de Cambre.

Segundo: Comunicar a citada designación á Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para os efectos oportunos.”

Tendo en conta que don Manuel Rivas Caridad manifesta que non considera necesario designar agora un representante na dita Comisión, dado que é para o curso 2019-2020, polo que será a nova Corporación que resulte das próximas eleccións a que deberá designar ao representante, o señor alcalde retira a proposta.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 01:20:34 horas

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 01:20:36 horas

Este punto non foi utilizado.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 01:20:39 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 454/2019, do 8 de marzo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande dende o día de hoxe ata a súa incorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución número 1841/2016, de data 18 de novembro.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Acceso á videoacta – 01:21:13 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/374 o día 25 de marzo de 2019.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:21:14 horas

Lee o rogo don Juan M^a Abalo Castex.

Veciños do Temple alertan do deplorable estado no que se atopa o arranque da ponte do Burgo na beira existente na dita parroquia. Os restos de vexetación e sucidade campan ás súas anchas e as matogueiras e malas herbas crecen non só nos arredores senón tamén na base e corpo da mesma ponte, cos problemas de seguridade e estanqueidade que iso pode provocar.

Achéganse fotografías nas que se pode observar o lamentable estado no que se atopa a ponte do Burgo no seu tramo cambrés.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do equipo de goberno se adopten as medidas adecuadas para, á maior brevidade posible, resolver os problemas advertidos.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:22:03 horas

Lee o rogo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

Entre as iniciativas para fomento do emprego por conta allea, así como o autoemprego ou a mellora das competencias no ámbito laboral, o Concello de Cambre, a través da Axencia de Desenvolvemento Local vén deseñando programas formativos específicos para persoas desempregadas como ferramentas para facilitar a estas o acceso a un posto de traballo, iniciativas gratuítas para os destinatarios e que adoitan iniciarse a principios de ano mediante a convocatoria á previa inscrición e difusión do programa específico anual.

Pasados os tres primeiros meses do ano sen coñecerse por parte da concellería responsable acción ningunha neste sentido, dende o Grupo Municipal Popular se interesa á concelleira da área nos informe sobre as causas da desaparición do Plan de formación municipal de Cambre, nas datas nas que vén sendo habitual que se atope iniciado.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:27:11 horas

Lee o rogo dona Rocío Vila Díaz.

Varias foron as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular se interesou en sede plenaria pola seguridade viaria no noso municipio, entre elas, o estado no que se atopaban os pasos para peóns. Especial fincapé se fixo no estado que presentaban os pasos para peóns existentes no centro de Cambre, como os do Campo da Feira, un dos lugares máis visitados do noso municipio.

Lugar no que, ademais, obsérvase dende hai tempo que tampouco se repuxeron varios farois, que foron substituídos por conos de sinalización, así como lombos redutores de velocidade.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se requira do concelleiro competente, se repinte á maior brevidade posible o paso de peóns existente nos arredores da casa do concello, así como á reposición dos farois retirados no Campo da Feira de Cambre.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta o rogo.

Rogo de ACdC-SON presentado por escrito

Presentado a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de marzo de 2019, e rexistrado de entrada no concello ao núm. 900/825 o día 26 de marzo, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Único - Acceso á videoacta – 01:28:36 horas

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Tendo en conta a histórica desorganización e falta de previsión ao longo desta lexislatura respecto da campaña de orza, levándonos estes últimos anos a vernos inmersos nas épocas de seca e sen limpar os camiños públicos, expoñendo ao noso concello a perigos potenciais por falta de visibilidade e incendios, pregamos:

Que o Goberno publique con carácter inmediato e urxente o mapa e calendario de actuacións respecto das rozas que se deberá levar a cabo no ano 2019, con indicación das zonas e os períodos previstos de actuación en cada un delas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta o rogo.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/365 o día 22 de marzo de 2019, xunto coa pregunta presentada para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:29:22 horas

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Dende hai varios anos e en diferentes ocasións, veciños de Bribes puxéronse en contacto co equipo de goberno para demandar melloras no pequeno parque infantil situado no recinto da asociación de veciños. Afirmóuselles en varias ocasións que se ían realizar diversas actuacións sen que a día 15 deste mes nada do comprometido se teña cumprido. As deficiencias máis necesarias e urxentes son:

- Un novo solo de caucho continuo. O pavimento existente é de pedras e de cortiza de piñeiro, todo mesturado, o que resulta inseguro, provoca feridas aos nenos e as cortizas xeran a proliferación de bichos. É unha obra necesaria de conservación e mantemento xa que o menoscabo producido durante tanto tempo polo seu uso, así o xustifica.
- Por outra parte, aumentar o número de bambáns tamén é fundamental. O parque só dispón dun bambán para maiores e outro para bebés, o que é totalmente insuficiente a diario.

Por todo isto dende Ciudadanos Cambre, e en atención aos veciños que contactaron con nós amosándonos as súas inxedanzas tan amablemente en diferentes visitas, rogamos:

Se leven a cabo todas as actuacións necesarias para que, no menor prazo de tempo posible, os nenos de Bribes poidan gozar dun parque en condicións seguras e dotado do equipamento necesario.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:30:59 horas

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Nunha visita á sala que se atopa a disposición da Asociación de Amas de Casa de Bribes, dentro do local social, dende Ciudadanos puidemos comprobar o estado de humidade tan extenso que presentan as paredes e cortinas, algo que resulta insalubre para os usuarios, ademais de ser unha mala imaxe para os actos que alí se puidesen celebrar. Achegamos fotografías que así o demostran. Novamente somos coñecedores de que estas peticións xa foron solicitadas pola asociación en varias ocasións sen que ata o de agora tiveran solución. Dende Ciudadanos Cambre rogamos:

Que se actúe á maior brevidade para a eliminación das humidades en paredes e cortinas.

O señor alcalde informa de que este rogo será contestado por escrito polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 01:32:01 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada aos núms. 999/375, 999/378, 999/379 e 999/380 o día 25 de marzo de 2019.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:32:03 horas

Lee a pregunta don Juan M^a Abalo Castex.

No pleno ordinario do pasado mes de febreiro, o Grupo Municipal Popular solicitou, entre outras medidas, a reposición dun dos farois existentes no Paseo Marítimo do Temple, á altura da rúa Vicente Risco que fora retirada polo risco que supoñía a súa inclinación para a seguridade das persoas e vehículos. Coa dita reposición pretendíase resolver a medida provisional de colocación dunha chapa de metal e un valo de sinalización, escasamente visibles ao escurecer e que podían provocar algún contratempo, caso de non repararse.

En contestación ao dito rogo, pola concelleira de Obras requiriuse que utilizáramos a aplicación de avisos de Cambre, APP que está moi ben porque é de aviso e efecto inmediato, informándonos que o problema do farol desaparecido foi consecuencia dun accidente.

Transcorridos máis de sete meses dende o mencionado accidente e persistindo o problema advertido, o Grupo Municipal Popular reiterou o dito rogo nas comisións informativas celebradas no mes de xullo.

Transcorrido máis dun ano dende o accidente o problema non só non foi resolto, senón que se viu agravado pola desaparición do valo que sinalizaba nun principio o perigo, encontrándonos soamente coa chapa metálica que cubre o oco onde debía ancorarse o mencionado farol, tal e como pode advertirse nas fotografías que se achegan.

Razón pola cal, dende o Grupo Municipal Popular vólvese preguntar ao equipo de goberno cantos anos máis van ter que pasar para que se resolva o problema advertido e se repoña o farol retirado.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:34:16 horas

Lee a pregunta dona Mª Jesús González Roel.

Dende hai uns meses, unha das marquesiñas existentes na estrada que une Cambre co Temple, atópase inutilizada, precintada e sinalizada con bandas da Policía Local, sendo numerosos os veciños e usuarios que nos preguntan polo sinistro ocorrido para que a dita marquesiña se atope en tal estado así como polas xestións e prazos previstos para a súa reparación.

Achéganse fotografías que amosan o estado no que se atopa a mencionada marquesiña.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, faga súas as ditas preguntas veciñais e requira información do concelleiro responsable sobre o ocorrido, xestións e prazos previstos para a súa reparación.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:35:24 horas

Lee a pregunta don Manuel Mª Mora Pita da Veiga.

De igual forma, son varios os veciños do lugar que nos preguntan polo valado e precinto das primeiras construcións existentes na marxe dereita da estrada Cambre-Temple, nas inmediacións do Paraugas, dentro da parroquia do Temple, que leva aproximadamente un par de meses ocupando o espazo público, tal e como se reflicte nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente sobre os motivos do valado e precinto así como das previsións para a súa retirada.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de marzo de 2019, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/825 o día 26 de marzo, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:36:44 horas

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Ante a ausencia de información ao respecto descoñecemos se este ano foi celebrada en Cambre a Día da árbore.

De que xeito se celebrou, no seu caso, o Día da árbore en Cambre?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:38:19 horas

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Pode a concelleira responsable informar nesta sesión plenaria dos datos que ostente sobre os datos numéricos de afluencia de público e postos de venda que houbo dende o inicio da celebración da Feira do Temple ata o día de hoxe?

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

Pregunta de ACdC-SON presentada oralmente - Acceso á videoacta – 01:39:42 horas

Dona M^a Olga Santos López expón que:

Xa rematado o prazo para a presentación da reserva de praza e o de presentación de solicitudes de admisión para nenos e nenas nos centros educativos de Galicia de cara ao vindeiro curso escolar 2019-2020, o noso grupo pregunta:

Ten coñecemento o Goberno municipal dalgunha incidencia durante o dito proceso e poden informarnos, se se dera o caso, do número de nenos e nenas que finalizado o dito proceso quedaran en lista de agarda no seu centro de referencia, tanto para a formalización da matrícula como para o uso do servizo de comedor nos centros educativos de Cambre?

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira delegada dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, contesta a pregunta.

Pregunta de C's presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 999/365 o día 22 de marzo de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Única - Acceso á videoacta – 01:41:05 horas

Lee a pregunta dona M^a José García Hidalgo.

Pola estrada que transcorre diante do local da Asociación de Veciños de Bribeas cara ao matadoiro, a terceira casa despois deste, é obxecto de constantes inundacións na súa entrada. Isto prodúcese cando chove, debido á gran cantidade de auga que se desborda da cuneta. O propietario do terreo lindeiro ao punto onde se



incrementa o volume da auga que chega á cuneta que provoca estas riadas, estaría disposto, segundo tivemos coñecemento (e vostedes son coñecedores diso), a deixar pasar un tubo polo linde do seu terreo para que esta poida ser canalizada e desviada, evitando así que inunde as casas contiguas.

Achegamos fotografías e preguntamos:

Por que tendo esta posible solución achegada polo propietario do dito terreo, non se lle dá solución ao problema?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta e catro minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia